

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DE COLUMNAS, SOPORTES, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIONES LOCAIS ANÁLOGAS PARA EXHIBIÇÃO DE ANUNCIOS.**



## **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co que dispoñen os arts.15 ó 19 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facenda locais, este concello establece a taxa pola prestación de servicios ou a realización de actividades administrativas de competencia local pola "utilización de columnas, soportes, carteis e outras instalacións locais análogas para a exhibición de anuncios", que se rexerá pola presente ordenanza, atendendo as súas normas ó que prevé o artigo 58, en relación co artigo 20.4 x), ambos da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de acordo coa modificación que establece a Lei 25/1998, do 13 de xullo da modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público.

## **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible a instalación de anuncios en columnas, soportes, carteleras e outras instalacións análogas, propiedade da entidade local.

## **Artigo 3º.- Obriga de contribuír.**

A obriga de contribuír nace dende que se inicie a prestación do servicio, se ben esixirase o depósito previo do importe total da

taxa no momento de solicitar a oportuna autorización.

#### **Artigo 4º.- Suxeitos pasivos.**

1.- Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, e polo tanto obrigados ó pagamento, os beneficiarios dos servizos ou das actividades que preste ou realice este concello, a que se refire o artigo 2º.

2.- Terán a condición de substitutos as empresas de publicidade, considerándose coma tales, as que profesionalmente executen ou distribúan campañas publicitarias a través de carteis ou rótulos que teñan por obxecto, dar a coñecer os artigos, produtos ou actividades de persoas ou entidades que as contraten para dita publicidade; ó mesmo tempo utilicen as columnas, soportes e carteleiras e outras instalacións propiedade deste concello.

#### **Artigo 5º.- Base imponible e liquidable.**

A base imponible constituirase polos metros cadrados de superficie de cada cartel, bandeirola ou anuncio que utilice os bens que se enumeraron no artigo 1º.

#### **Artigo 6º.- Cota tributaria.**

A contía desta taxa que regula esta ordenanza, será a que se fixa na tarifa seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Pola colocación ou instalación de anuncios en columnas, soportes, carteleras e outras instalacións	222 ptas/m <sup>2</sup>

análogas, por unha soa vez.	
-----------------------------	--

### **Artigo 7º.- Obriga de pagamento.**

1.- A obriga do pagamento das taxas que regula esta ordenanza, nace ó autorizarse a utilización dos bens que se enumeraron no artigo 1º atendendo ó pedimento que formule o interesado.

2.- O pagamento de dita taxa efectuarase ó retirar a oportuna autorización.

3.- As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co Regulamento xeral de recadación.

### **Artigo 8º.- Normas de xestión.**

As persoas naturais ou xurídicas interesadas na utilización dos bens a que se refire a presente ordenanza presentarán a solicitude detallada ante este concello do servizo que desexan.

### **Artigo 9º.- Responsables.**

1.- Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral e nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 10º.- Infraccións e sancións tributarias.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza estarase ó que dispoñen os arts.77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

### **DISPOSICION DERRADEIRA**

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O alcalde

O secretario

### **DILIXENCIA:**

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicóuse

íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do 2000.

O secretario,